

CONVOCATORIA E ORDE DO DÍA 1ª REUNIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DA PRAZA (651PND09) DE FACULTATIVO/A FARMACEÚTICO/A DO SERVIZO DE LABORATORIO DE ANÁLISES CLÍNICOS DO HVU-RC (Convocatoria publicada o 19 de Setembro do 2024)

ACTA Nº 1. Constitución da comisión

En Lugo, a 23 de Outubro de 2024, ás 16:00 horas, na Sala de Reunións do Hospital Veterinario Universitario RofCodina (HVU-RC), reúnese a comisión de selección para un posto de facultativo/a farmacéutico/a do servizo de laboratorio de análises clínicas por convocatoria remitida polo secretario da comisión seguindo instrucións do presidente.

ASISTENTES:

- Presidente: Antonio González Cantalapiedra, director veterinario do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesor titular de Universidade
- Secretaria: María Cristina Carrera González, facultativa farmacéutica do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesora asociada da Universidade.
- Vogal: Luis Miguel Botana López profesor, Titular do Servizo de Farmacia do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e catedrático de Universidade.
- Vogal: 2 María Luisa Suárez Rey, xefa de Servizo de Medicina Interna do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC) e profesora titular de Universidade

ORDE DO DÍA:

1. Constitución da Comisión de Selección
2. Lista de admitidos/as
3. Declaración dos membros de non estar incursos en ningún dos motivos de abstención recollidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
4. Inicio dos traballos da comisión.
5. Acordo sobre a convocatoria das probas da fase oposición.
6. Rogos e preguntas.

DELIBERACIÓNS

1.- Constitución do Tribunal de Selección.

O presidente do tribunal, segundo o establecido nas bases da convocatoria e comprobando que están presentes todos os membros, declara validamente constituído o Tribunal de Selección

2.- Lista de admitidos/as

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de alegacións á lista provisional, o tribunal toma en consideración a lista de admitidos/as e excluídos/as facilitada pola Xerencia,

Admitidos:

María Almudena Graña Pena *****773S

Telmo Rodríguez Maciñeiras *****054A

Sabela Salgueiro García *****072V

Excluídos:

3.- Declaración dos membros de non estar incursos en ningún dos motivos de abstención recollidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Todos os membros do tribunal declaran non ter causa de abstención con respecto ás aspirantes.

4.- Inicio dos traballos da comisión.

O tribunal acorda reunirse con posteridades para a valoración dos méritos aportados polos candidatos/as.

O tribunal acorda, de conformidade coas bases, que a valoración se realizará sobre os méritos alegados na fase de concurso acreditados mediante proba documental (copia dos certificados e títulos xustificativos dos méritos alegados no curriculum en formato PDF. A valoración da formación realizarase, segundo o previsto na convocatoria, so sobre os cursos de formación relacionados ca praza e impartidos por centros e organismos oficiais e aqueles que estean debidamente homologados. Valoraranse meses completos de traballo. Requirirase documentación suficiente da que se deduza claramente tipo de servizos prestados, con datas de inicio e remate dos mesmos.

5.- Acordo sobre a convocatoria das probas da fase oposición.

A comisión acorda que o primeiro exercicio da fase de oposición, desenvolverase o día 6 de novembro, ás 9:00 horas, na Biblioteca do HVU-RC. Este primeiro exercicio consistirá nun cuestionario por escrito de 60 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, correspondentes ao bloque de coñecementos que figura no programa da proba selectiva que se relaciona no anexo II. Cada pregunta correcta terá un valor de 0,5 puntos, 3 preguntas incorrectas restarán 0,5 puntos. A puntuación máxima é de 30 puntos. Para superar a proba é necesario obter 12,5 puntos. O tempo para realizar a proba será de 60 minutos. O exercicio facilitarase aos aspirantes en lingua castelán. Os resultados desta proba comunicaranse as 10:30 horas do mesmo día coa fin de poder proceder ao desenvolvemento do seguinte exercicio.

A comisión acorda a convocatoria do segundo exercicio práctico en horario de 11:00 horas na biblioteca do HVU-RC. Consistirá na realización dun exercicio de carácter práctico ou teórico-práctico, proposto polo tribunal e relacionado co contido do programa do anexo II, no que os/as aspirantes deberán demostrar as capacidades para o desempeño das funcións correspondentes.

A comisión diseña a rúbrica para a valoración desta proba de tipo práctico ou teórico-práctico, anexada a esta acta. A puntuación máxima é 30 puntos. Para superar a proba é necesario obter 12,5 puntos. O tempo máximo de realización é 45 minutos. O exercicio facilitarase aos aspirantes en lingua castelán.

6.- Rogos e preguntas.

Non hai intervencións neste punto.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18:00 horas

Antonio González Cantalapiedra

Presidente

María Cristina Carrera González

Secretaria

Luis Miguel Botana López

Vogal

María Luis Suárez rey

Vogal

RUBRICA EJERCICIO TEÓRICO-PRÁCTICO

Identificación de anormalidades clínico-patolóxicas

Deficiente	Non identifica ningunha anormalidade relacionada co suposto a resolver.
Regular	Identifica poucas anormalidades relacionadas co suposto a resolver.
Bo	Identifica a maioría das anormalidades relacionadas co suposto a resolver.
Excelente	Identifica todas as anormalidades relacionadas co suposto a resolver.

Recomendacións de probas laboratoriais adicionais

Deficiente	O plan de probas proposto non é coherente coas anormalidades identificadas.
Regular	O plan de probas proposto é incompleto, non logra cubrir todas as anormalidades identificadas.
Bo	O plan de probas proposto é adecuado, coherente coas anormalidades detectadas e as hipóteses diagnósticas propostas, pero non considera a evidencia/recursos dispoñibles no ámbito clínico.
Excelente	O plan de probas proposto é adecuado, coherente cos problemas detectados e as hipóteses diagnósticas propostas e de acordo á evidencia e recursos dispoñibles no ámbito clínico.

Coñecemento das bases de probas analíticas

Deficiente	Non coñece os principios das probas analíticas básicas.
Regular	Coñece os principios das probas analíticas básicas, pero non sabe interpretalos.
Bo	Coñece os principios das probas analíticas básicas, sabe interpretalos, pero non é capaz de dar asesoramento clínico.
Excelente	Coñece os principios das probas analíticas básicas e avanzadas, e sabe interpretalos adecuadamente e dar asesoramento clínico.

Preparación e disposición do tratamento farmacolóxico

Deficiente	A preparación do fármaco ou dispensación non se adecúa á normativa de fármacos perigosos. Non explica detalladamente os pasos a seguir para a súa manipulación e administración.
Regular	A preparación do fármaco ou dispensación adecúase á normativa de fármacos perigosos. Explica os pasos a seguir para a súa manipulación e administración. Non ten en conta os posibles efectos adversos Non ten previstas medidas fronte a unha posible extravasación ou derramamento.
Bo	A preparación do fármaco ou dispensación adecúase perfectamente á normativa de fármacos perigosos. Explica detalladamente os pasos a seguir para a súa manipulación e administración. Ten en conta os posibles efectos adversos No ten previstas medidas fronte a unha posible extravasación ou derramamento.
Excelente	A preparación do fármaco ou dispensación adecúase perfectamente á normativa de fármacos perigosos. Explica detalladamente os pasos a seguir para a súa manipulación e administración. Ten en conta os posibles efectos adversos e advirte/recomenda de posibles medidas terapéuticas para minimizalos. Ten previstas medidas fronte a unha posible extravasación ou derramamento.

Redacción e emprego da linguaxe

Deficiente	Non ten adecuada ortografía, nin redacción. As súas propostas non son ordenadas, nin teñen sustento. Non emprega a linguaxe médica adecuada.
Regular	Ten regular ortografía e boa redacción. As súas propostas son regularmente ordenadas e sustentadas aceptablemente, sin correccións. Emprega a linguaxe médica adecuada.
Bo	Ten boa ortografía e redacción. As súas propostas están ben ordenadas e sustentadas. Emprega a linguaxe médica adecuada.
Excelente	Ten excelente ortografía e redacción. As súas propostas están moi ben ordenadas e moi ben sustentadas. Emprega a linguaxe médica adecuada.